

**CONCELLO  
DE VIGO**



**BASES REGULADORAS  
PARA A CONVOCATORIA**

# **“II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES”**

**PROGRAMA DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS  
CÍES 2021**

**PROXECTO DE CANDIDATURA  
ILLAS CÍES PATRIMONIO DA  
HUMANIDADE**



**VIGO CIES ISLANDS - ILLAS CÍES**  
Goal World Heritage - Obxectivo Patrimonio da Humanidade

## TÁBOA RESUMO DATOS ESENCIAIS DA II EDICIÓN DO PROGRAMA DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS CÍES

### Calendario do programa

- Presentación de proxectos dende o **6 de agosto ata o 3 de setembro de 2021** antes das 13:00.
- Publicación da lista de proxectos seleccionados o **6 de setembro 2021** na páxina web [www.ciespatrimonio.org](http://www.ciespatrimonio.org)
- Reunión presencial e/ou telemática en Vigo cos fotógrafos e produtores audiovisuais de cada equipA seleccionado nos días **9 e 10 de setembro 2021**.
- Residencia Illas Cíes dende o **domingo 19 de setembro ás 17:00 ata o xoves 23 ás 13:00 horas**.
- Presentación de proxectos/obras finalizadas o **15 de novembro 2021**
- Evento final:
  - Proxección de curtas e ditame de gañadores no mes de **febreiro 2022** (data por confirmar).
  - Exposición dos proxectos de fotografía seleccionados nalgunha sala da Rede Museística do Concello de Vigo no mes de **febreiro 2022** (por confirmar).

### Liñas do Programa abertas:

LIÑAS	ORZAMENTO
Desenvolvemento de proxectos fotográficos	1.300€/Fotógrafo/a para desenvolvemento de proxectos (elaboración de contidos e edición/impresión de material expositivo), retencións non incluídas. Premio final: — Exposición da obra
Desenvolvemento de pezas audiovisuais	1.200€/Equipa para desenvolvemento de proxectos. Retencións non incluídas. Premio final: — Exposición da obra — Premio: 1000€ retencións non incluídas

### Participantes potenciais

- Fotografía: Maiores de idade, profesionais e/ou artistas emerxentes, estudantes e afeccionados do ámbito da fotografía artística. Proxectos individuais.
- Vídeo: Maiores de idade, profesionais e/ou artistas emerxentes, estudantes e afeccionados relacionados co desenvolvemento audiovisual. Proxectos por equipas (6 persoas máximo/equipa).

## Contido

<b>BASES</b> .....	4
<b>1. CONTEXTO</b> .....	4
<b>2. PROGRAMA DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS CÍES</b> .....	4
<b>3. OBXECTO DA CONVOCATORIA</b> .....	5
<b>4. BREVE DESCRICIÓN DO II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES</b> .....	5
<b>5. CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS</b> .....	6
<b>6. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN</b> .....	6
<b>7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b> .....	7
<b>8. CALENDARIO DO II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES</b> .....	7
<b>9. ORZAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS</b> .....	8
<b>10. PREMIOS</b> .....	8
<b>11. DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL</b> .....	8
<b>12. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL</b> .....	9
<b>13. ACEPTACIÓN DAS NORMAS</b> .....	9
<b>14. OUTRAS DISPOSICIÓN</b> .....	10

## BASES

### 1. CONTEXTO

---

O Concello de Vigo lidera a iniciativa de proposta de candidatura de Illas Cíes, como Patrimonio Mundial Natural UNESCO, dende o ano 2012. Dende este ano e ata a actualidade, emprendéronse e desenvolvéronse diversas actuacións encamiñadas a alcanzar o devandito obxectivo, baixo unha tripla liña de traballo:

- **Coordinación entre institucións implicadas.** Conseguir o recoñecemento, implicación e traballo de colaboración entre institucións e representantes políticos do ámbito local, rexional, nacional e internacional.
- **Difusión e divulgación dos valores naturais e ecolóxicos das Illas Cíes** co ánimo de conseguir o maior número de apoios, implicacións e participación activa da sociedade e do ámbito empresarial.
- **Traballos científicos e técnicos** para apuntalar os criterios co obxecto de demostrar e acreditar a potencialidade do ben como Patrimonio Mundial UNESCO.

De maneira transversal, e dado que así o esixe tamén a propia UNESCO, dotouse ao proceso dun forte carácter participativo, implicando activamente á sociedade no desenvolvemento das liñas de traballo. Lograr a implicación de diversos colectivos e disciplinas co proxecto de candidatura é un dos obxectivos deste proxecto.

### 2. PROGRAMA DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS CÍES

---

O proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade co ánimo de traballar a parte social e cultural do mesmo, desenvolve unha liña de traballo a través da que se persegue o achegamento entre ciencia, cultura e sociedade da man das Illas Cíes.

Nesta ocasión trabállase dende o concepto de que, ademais dos xa coñecidos beneficios ecolóxicos e naturais que nos proporcionan as Illas Cíes a través da súa riqueza e as súas singularidades naturais, é necesario prestar atención tamén ao legado cultural que ofrecen, supondo unha potencial fonte de inspiración para diversas disciplinas artísticas. A vinculación entre cultura e natureza atópase fortemente entrelazada, o que de forma particular é un dos elementos distintivos do Programa UNESCO.

Do mesmo modo, o proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade a través deste programa promovido polo Concello de Vigo, fomenta a transmisión do patrimonio natural e cultural das Illas Cíes, as súas singularidades e o seu Valor Universal Excepcional a través da arte e as súas diversas disciplinas. En programas anteriores desenvolvidos desde o Proxecto de Candidatura impulsado polo Concello de Vigo, promoveuse a investigación e a divulgación sobre a singularidade natural das Illas Cíes como **un Laboratorio Natural** que permite ilustrar diversos procesos de gran interese ecolóxico e evolutivo, entendendo este arquipélago como un sistema socio ecolóxico que representa a tradicional interacción entre ser humano e medio natural nos sistemas costeiros. Nesta ocasión, coa posta en marcha deste novo programa, se redescubre o arquipélago como **un Laboratorio Artístico**, sobre o que desenvolver o enxeño e a creatividade. Unhas illas que funcionan como fonte de inspiración e confórmanse como un enclave idóneo para desenvolver arte nas súas múltiples vertentes.



En base a isto, e facendo do arquipélago a fonte de inspiración inesgotable para artistas de diversas disciplinas, traballárase na posta en valor dos aspectos das illas que xustifican o cumprimento dos criterios UNESCO para ser recoñecidas como Patrimonio da Humanidade.

O Programa DESAFÍO AUDIOVISUAL ILLAS CÍES está articulado sobre diversas disciplinas artísticas que se irán desenvolvendo desde o Proxecto de Candidatura, a fotografía e as artes audiovisuais.

A segunda edición deste programa ábrese para as disciplinas de audiovisual e fotografía, rexidas cada unha delas por unhas condicións específicas e criterios de participación.

### **3. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

---

Esta convocatoria ten por obxecto o desenvolvemento de proxectos artísticos enmarcados na **Liña de Fotografía** do II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES.

Os proxectos de fotografía deberán reflexionar sobre as singularidades das illas Cíes, o seu valor e importancia para Vigo e a súa conservación; e deberán usar a contorna do arquipélago como único referente para a creación das obras.

Esta convocatoria ten por obxecto o desenvolvemento de proxectos artísticos enmarcados no ámbito da fotografía contemporánea, que deberán usar a contorna do arquipélago como único referente para a creación das obras, tomadas dende calquera perspectiva fotográfica: artística, conceptual ou de tipo documental.

### **4. BREVE DESCRICIÓN DO II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES**

---

O II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES é un certame que contará con 5 participantes que terán que elaborar un proxecto fotográfico sobre as Illas Cíes.

Para o desenvolvemento dos proxectos, os persoas participantes seleccionadas contarán cunha estancia nas illas e disporán dun orzamento para a produción da peza proposta.

As fases de desenvolvemento do programa son as seguintes:

- Presentación de proxectos estancia nas Illas Cíes (proceso de motivación/inspiración e toma de datos)
- Desenvolvemento das obras
- Avaliación das obras presentadas
- Exposición dos proxectos gañadores

#### **Requisitos xerais para a participación:**

- a) Ter 18 anos ou máis
- b) Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, entendéndose que non foron publicados nin premiados con anterioridade en ningún outro certame.
- c) A participación no concurso supón a aceptación da cláusula legal de cesión de dereitos das fotografías presentadas e das bases do presente concurso.
- d) Non se admitirá máis dunha obra por solicitante.

## 5. CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS

---

Para inscribirse no II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES cada solicitante deberá presentar un proxecto sobre as Illas Cíes, coas seguintes características técnicas, tendo en conta que disporán de 3 días completos de estancia no arquipélago e dunha dotación económica para dispoñer dos recursos suficientes:

- O proxecto, enmarcado no ámbito da fotografía contemporánea, terá ás Illas Cíes como eixo principal do mesmo, tomadas estas desde calquera perspectiva fotográfica: artística, conceptual ou de tipo documental.
- Tódalas fotografías do proxecto -ou a xénese das mesmas no caso dalgún proxecto de tipo conceptual- realizaranse durante a estancia nas illas Cíes
- O proxecto deberá ser inédito, non podendo estar publicado nin exposto previamente, nin fisicamente nin en formato electrónico.
- O proxecto terá un número mínimo de 10 imaxes, aínda que en función do deseño expositivo ou conceptual do mesmo, o número poderá ser menor, a condición de que quede ben xustificado e así fose aprobado pola Comisión Organizadora.
- O proxecto pode incorporar na súa memoria outros elementos expositivos que axuden á súa correcta interpretación (son, proxeccións, etc.), aínda que neste caso será necesaria un labor de comisariado coa organización para estudar a viabilidade do mesmo.
- Durante o período de residencia en Cíes as persoas participantes non poderán desprazarse fóra das illas.
- As persoas participantes terán contacto directo con algún membro da organización que fará un seguimento da evolución do traballo.
- Unha vez desenvolvidas, as obras haberán de presentarse no prazo estipulado, segundo o formato e condicións técnicas especificadas e acompañadas dun pequeno dossier explicativo que facilite a análise e avaliación das mesmas.
- O uso de imaxes de terceiros sen os dereitos sobre as mesmas será motivo de exclusión (véxase apartado de propiedade intelectual das presentes bases).
- O Concello de Vigo poderá facer uso das fotografías que forman parte dos proxectos gañadores para a promoción das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade. As persoas participantes seleccionados que expuxesen ou publicasen este mesmo proxecto en futuras mostras ou publicacións, comprométense a facer constar que os proxectos foron realizados co financiamento directo do Concello de Vigo, dentro do proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.

## 6. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN

---

A inscrición no II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES é gratuíta. Para poder inscribirse é necesario descargar e cumprimentar o formulario de inscrición que se atopa na páxina web <https://ciespatrimonio.vigo.org/es/actividades/difusion> e envialo á dirección de correo electrónico [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org) xunto cunha copia do DNI e unha memoria do proxecto. A continuación,



detállase a documentación requirida para a admisión no procedemento de selección das persoas participantes:

- Anexo I Formulario de inscrición, debidamente cumprimentado e asinado.
- Copia simple do DNI ou NIE das persoas solicitantes.
- Memoria do proxecto que deberá presentarse nun único documento en formato pdf e cunha extensión máxima de 2000 palabras. Este documento deberá incluír:
  - Datos de contacto da persoa solitante dirección, teléfonos, e-mail.
  - O título provisional, a idea, a sinopse e un breve desenvolvemento do proxecto onde se especificarán os fundamentos do mesmo, os obxectivos perseguidos, os posibles referentes así como a formulación do resultado en termos positivos.
  - Reseña curricular que acredite a formación e experiencia no ámbito do certame, podendo incluír algún link que permita visualizar anteriores traballos fotográficos do candidato.

### Forma de presentación de solicitudes

A inscrición das persoas participantes e o envío da documentación farase na dirección de correo electrónico [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org). No asunto do correo deberá figurar o nome da convocatoria II DESAFÍO FOTOGRAFÍA ILLAS CÍES, seguido do título do proxecto.

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

Para a selección dos proxectos participantes, constituirase unha Comisión de Avaliación, que estará composta por profesionais con ampla experiencia nas categorías artísticas consideradas na convocatoria e por representantes dos Comités Técnicos da Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade. A selección dos 5 participantes no II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES farase atendendo aos seguintes criterios:

- Calidade artística e técnica do proxecto fotográfico.
- Formulación da proposta expositiva (composición, materiais...).
- Posibilidade de realización e adaptación do proxecto ás bases do programa (viabilidade técnica/económica).
- Currículum Vitae da persoa participante.

A decisión da Comisión de Avaliación será inapelable e terá o poder de resolver calquera incidencia non prevista nas bases.

## **8. CALENDARIO DO II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES**

---

A presentación dos proxectos para participar no II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES, finaliza o **3 de setembro ás 13:00 horas**.

A organización publicará a lista de equipas seleccionadas o 6 de setembro na web [www.ciespatrimonio.org](http://www.ciespatrimonio.org).

Os días 9 e 10 de setembro realizaranse reunións informativas coas persoas participantes no II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES, para a cal se lles confirmará a hora e lugar exactos da mesma.



O día 19 de setembro ás 16:30h (data a confirmar) as persoas participantes deberán presentarse na Estación Marítima de Vigo para recibir as súas credenciais e as explicacións detalladas do desenvolvemento da estancia en Cíes, día no que se partirá para a estancia nas illas ás 17:00.

A estancia comezará o domingo 19 de setembro ás 17:00 horas e finalizará o mércores 23 ás 13:00 horas.

O proxecto finalizado xunto coa memoria final deberá ser entregado pola persoa participante o día 15 de novembro ás 12:00 horas no Concello de Vigo.

No mes de febreiro 2022 o Concello de Vigo organizará unha exposición dos proxectos seleccionados nalgũa sala da Rede Museística do Concello de Vigo. Agás causa xustificada, todas as persoas participantes seleccionadas comprométese, dentro das súas axendas a asistir ao evento. A data definitiva será informada de forma particular a todas as persoas participantes cun prazo de, cando menos, unha semana de antelación.

## **9. ORZAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS**

---

Cada un dos proxectos seleccionados disporá dun orzamento de 1.300,00 € (retencións non incluídas) para o desenvolvemento do proxecto seleccionado, a súa edición e impresión, así como para adquirir os materiais adicionais necesarios para a exposición. O pagamento será realizado as persoas seleccionadas no momento da entrega da obra finalizada para a súa exposición na Rede Museística do Concello de Vigo.

A organización farase cargo do desprazamento, aloxamento e manutención das persoas participantes durante os tres días de estancia nas Illas Cíes. Deberán levar os seus propios sacos de durmir e tendas de campaña.

## **10. PREMIOS**

---

O II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES terá como premio a exposición das obras nalgũa das salas da Rede Museística do Concello de Vigo.

A resolución do fallo do xurado farase nunha gala á que as persoas participantes, se comprometen a asistir, dentro das posibilidades das súas axendas. A data publicarase coa suficiente antelación para asegurar a súa participación.

## **11. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL**

---

A organización resérvase a posibilidade de organizar unha serie de exposicións e / ou catálogo con todas ou algunhas das pezas realizadas. Tamén se poden difundir por calquera medio de comunicación social.

As persoas coa autoría cederán ao Concello de Vigo os dereitos de explotación das obras, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, que se farán sempre co recoñecemento da súa autoría, salvo declaración en contrario.

As persoas coa autoría do proxecto serán os únicos responsables da ausencia de dereitos a terceiros nas obras presentadas, e de calquera reclamación de dereitos de imaxe, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade.





As persoas participantes no programa adquirirán os seguintes compromisos:

- a) As persoas participantes declaran a autoría e disposición dos dereitos dos elementos que forman parte das obras presentadas desenvolvidas durante o programa II DESAFÍO FOTOGRÁFICO ILLAS CÍES, e declaran a súa expresa conformidade e consentimento de autorización ao Concello de Vigo para reproducilas, promovelas e publicalas.
- b) As persoas participantes declaran a autoría e disposición dos dereitos dos elementos que formen parte das obras presentadas, e autorizan ao Concello de Vigo a reproducilas, promovelas e publicalas.
- c) Os proxectos seleccionados que se expuxesen ou publicasen noutros certames, concursos ou noutros eventos expositivos, comprométese a facer constar que os proxectos foron realizados con financiamento directo do Concello de Vigo, dentro do proxecto de Candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, en lugar visible. En calquera caso, antes de presentalo a outras exposicións, as persoas coa autoría haberán de notificalo previamente ao Concello de Vigo.
- d) As persoas participantes declaran e garanten que as obras a desenvolver se adecúan ao ordenamento xurídico e non violan os dereitos particulares e dereitos de propiedade intelectual e industrial de terceiros. En consecuencia, as persoas participantes comprométese a declarar ao Concello de Vigo exento de calquera reclamo vinculado aos contidos das obras.
- e) As persoas participantes declaran que non cabe reclamar e/ou recibir do Concello de Vigo remuneración, compensación ou indemnización, polo uso ou reprodución sen fins de lucro do material presentado.

## 12. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

---

O Concello de Vigo, na súa condición de responsable do tratamento de datos, informa que os datos recollidos para o rexistro das persoas participantes serán tratados de conformidade coa lexislación sobre protección de datos, e particularmente de acordo co establecido no Regulamento da UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril. A finalidade do tratamento é identificar ó colectivo artista como usuario/a/s da Plataforma Web, así como informar (por teléfono, correo electrónico e/ou calquera medio telemático) das accións que se levan a cabo durante o desenvolvemento de o concurso.

Como usuaria, a/s persoa/s participante/s poderán exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo; así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose ao enderezo de correo electrónico [uneteaciespatrimonio@vigo.org](mailto:uneteaciespatrimonio@vigo.org), especificando "Protección de datos" e proporcionando unha fotocopia do seu DNI.

## 13. ACEPTACIÓN DAS NORMAS

---

A participación neste concurso implica o pleno coñecemento e aceptación destas bases e o cumprimento da decisión do Comité de Avaliación. A organización resérvase o dereito de modificalas, regular calquera aspecto non contemplado nelas, así como de interpretalas. Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co



desenvolvemento do concurso, non contemplada expresamente nestas bases, será resolta pola organización en función dos criterios de racionalidade, igualdade e equidade.

## 14. OUTRAS DISPOSICIÓNS

---

- Os traballos gañadores, nos termos previstos no texto revisado da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, pasarán a ser propiedade do Concello de Vigo e serán obxecto de publicidade, difusión e difusión a través dos medios de comunicación do Concello de Vigo.
- Respecto ao resto de obras ou obras presentadas que non sexan premiadas, a participación neste programa implicará autorización á organización para que esta, se o considera oportuno, poida difundir e expor, total ou parcialmente, ditas obras e obras, e telas dentro do seu calendario de actividades, todo de acordo co establecido no mencionado texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- A responsabilidade derivada do plaxio ou calquera transgresión da lexislación vixente na que, en termos de propiedade intelectual, poidan incorrer as persoas participantes, será exclusivamente da súa conta. O Concello de Vigo non se fai responsable do contido dos traballos presentados.